

CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO REUNIDO O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL ONCE

No salón de sesións da Casa do Concello de Cerdido, ás once horas e trinta e cinco do vinte e nove de abril de 2011, reúnense, baixo a presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa do Concello, en primeira convocatoria os concelleiros que se citan a continuación: Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín que se ausenta as doce horas e corenta e cinco minutos antes da votación do punto terceiro da orde do día, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro, Don Roberto Óscar López López, Don Benigno Galego Castro e Don Cándido Prieto Lago que se ausenta as trece horas antes da votación do punto terceiro da orde do día. Non asiste Don Jairo Orjales Sande. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO REUNIDO O DIA VINTE E CINCO DE ABRIL DE 2011 Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2.-ELECCION DE XUIZ DE PAZ. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguintes: Unha vez iniciado o procedemento para a elección do xuíz de paz deste concello por decreto da alcaldía nº 51/2011 de data 17 de marzo de 2011, e logo de rematado o período de presentación de solicitudes, anunciado no BOP do 28 de marzo de 2011, e ante a Presentación de catro instancias que se indican a continuación:

Nº rexistro e data	Nome e apelidos
449-24/3/2011	Noelia Verdial Pérez
522- 5/4/2011	Jose Rey Piñon
548 – 8/4/2011	Carmen Garcia Rodriguez
589-19/04/2011	Mª del Mar Caneiro Perez

, esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: **PRIMEIRO:** Rexeitar a solicitude presentada por D^a. M^a del Mar Caneiro Pérez por presentala fora do prazo establecido e elixir a D. Jose Rey Piñon, DNI 32565097 H profesión xubilado como xuíz de paz titular do concello de Cerdido por ter máis experiencia nese posto sempre que se incorpore ó expediente o certificado de rexistro central de penados, xa solicitado, para comprobar que non esta incurso en ningúnha causa de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do poder xudicial. **SEGUNDO:** Darlle traslado deste acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que proceda o seu nomeamento. Cerdido, a 26 de abril de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta probaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos Concelleiros Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José

López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres Abstencións dos Concelleiros, Don Roberto Óscar López López, Don Benigno Galego Castro e Don Cándido Prieto Lago.


O Concelleiro D. Roberto O. López López. afirma que se deberían presentar os curriculums dos aspirantes, xunto a proposta para poder valorar os méritos, entende que a experiencia dunha persoa non evita que as outras persoas non sexan válidas para o posto e anuncia a súa abstención

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que os méritos deben ser valorados por toda a corporación e que soamente se tivo en conta a experiencia

A **Alcaldesa** engade que a proposta parte da idea que a persoa que ocupa o posto quere seguir desempeñandolo polo que se propón a renovación dunha persoa, con moita experiencia como secretario do xulgado primeiro e como xuíz de paz. Non é o caso que se presentaran tres persoas novas.

3.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO SOCIALISTA SOBRA AS OBRAS CONTRTADAS E REALIZADAS NO CONCELLO DE CERDIDO. Lida a moción presentada que se transcribe a continuación: EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: A raíz do pleno, celebrado o pasado mes de febreiro, no que dende o noso grupo municipal pedimos explicacións de algunhas irregularidades atopadas nas obras realizadas no concello nos anos 2009 e 2010, no cal quedou de manifesto de que non se realizaron todas as actuacións contempladas nos distintos proxectos das obras ao entregárenos mais tarde distintas xustificacións, nas cales seguimos atopando actuacións que non se realizaron, medidas desfasadas. materiais que non se corresponden no informe cos postos en obra, etc..., e dado que moitos de estes puntos non foron contestados ou explicados nin pola Alcaldesa nin polo técnico na reunión que mantivemos o día 7 de abril de 2011 ou que as explicacións que deron estarnos convencidos que non se adaptan a realidade; Por todo o exposto solicitamos ao pleno do concello, de Cerdido a adopción do seguinte acordo: 1- Que o concello de Cerdido solicite colaboración a Excelentísima Deputación da Coruña para elaborar un informe técnico das obras que a continuación se enumeran: - Lavadoiros e outros- Reforma instalacións auxiliares do campo de fútbol.- Pérgola e porta de acceso o colexio.- Lavadoiro en Abruñeiros.- Seguridade vial no colexio.- Acceso o campo de fútbol e outros.- Ampliación abastecemento auga a Rediz e outros. No caso de que non saír adiante esta opción ou de solo facelo das obras financiadas pola Deputación, contratar unha empresa consensuada cos distintos grupos municipais para o resto de obras. 2- O compromiso de manter unha reunión os distintos grupos municipais co persoal que realice o informe para expoñerlle os os puntos que consideremos mais importantes. Fdo. D. Benigno Galego Castro. En Cerdido, a 20 de abril de 2011. **Os membros do Pleno asistentes rexeitan a moción presentada.** Catro votos en contra da moción dos Concelleiros Don José Cupeiro Fernández., Don Carlos Rodríguez Fraguela, e os voto da Concelleira Dona María José López Lamigueiro e a Sra. Alcaldesa. Dous votos a favor da aprobación da moción dos Concelleiros, Don Roberto Óscar López López e, Don Benigno Galego Castro

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que no informe remitido polo Técnico,ponse de manifesto que as denuncias que se dixeron son certas, na reunión



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

mantida co Técnico e o Director do estudio, plantexáronse dúbidas que non se resolveron, no informe se xustifican os cartos invertidos pero aínda existen erros así na obra de lavadoiros e outros pódense apreciar que no lavadoiro de Felgasasponse que a madeira é de carballo americano e non é así así como as correasponse que son madeira de pino oregón e son de pino piñeiro normal, no lavadoiro de A Vila da Igrexa na reunión mantida co técnico, preguntáselle porque non se puxo o granito e o técnico afirma que foi por un erro e que se debe pagar á empresa o granito e a pintura, ademais a madeira non é carballo americano sino que é de castaño o, o entaboado ven de carballo americano e é de pino, a diferenza do prezo da madeira é máis do dobre. Tamén ven no informe, unha medida de formigón en metros cúbicos, falta unha medida debería ser 18,60 metros cadrados, debería ser 1,8 e pon 18 polo que este erro supón unha diferenza de 2700 euros. A base do lavadoiro ven de 60 cm. e non o leva. En canto a outras obras como a de instalacións auxiliares do campo de fútbol, na reunión co técnico se discutiu sobre si se levanta a cantina e se lle deu inclinación é non e certo, as medidas da cuberta están mal, no informe pon que son 97 metros cando a cantina mide 83, a diferenza deses catorce metros cadrados supón o redor de 417 €, hai unha partida de 517 € para cambio de cristais e plaquetas polo que parece excesivo o prezo, hai outra partida de 1513 € para levantar a cantina e non se fixo. O técnico reconece que hai unha diferenza de 1500 € e dixo que si se levantou a cantina e que tiña fotos, cando non é certo. En canto a obra do lavadoiro de Os Abruñeiros se lle preguntou o Técnico sobre o material de impermeabilización dado que hai unha partida de 1337 € e contestou que non o sabía, tamén hai unha partida de movemento de terras de 17 m³ e lle parece demasiado ademais se pregunta si leva ferro na estrutura. Na obra Pérgola do colexio, o Técnico reconece que hai 60 cm de lousa que non aparece, reconecendo o propio técnico que era unha esaxeración, no modificado ven dúas placas translucidas e soamente hai unha, hai unha partida para unha estrutura lixeira, que en realidade son catro barras de aceiro galvanizado, cun prezo de 1424 euros máis IVA, o propio técnico entende que o prezo é desfasado. Na obra de seguridade vial no colexio o muro se modifica e hai zonas que non leva todo o material que pon no proxecto. Na obra de acceso o campo de fútbol e outros, aparecen os sobreanchos como abanicos nas pistas pero non corresponden coas medidas, como xa ocorreu na curva de Susloureiros. O proxecto de Barbelas debería quedar 10 cm, de alta e non os leva, o que se fixo e limpar dar un rego, gravilla, outro rego e gravilla pero non fixeron o que ven no proxecto. Na obra Abastecemento de auga a Rediz e outros no abastecemento de Regueirolongo se falou cos veciños para abrir unha zanxa e non se volveu a aglomerar, amosando unhas fotos e afirma que se chamou a alcaldesa e o concelleiro de obras pero non se amañou nada.

A Alcaldesa afirma que xa se reconeceu o erro de non realizar un informe para modificar os proxectos, o técnico non cumpriu co seu traballo, na reunión se dixo que non se tiña nada contra a empresa e que se ía contra a Alcaldesa. O técnico non pode seguir no seu posto de traballo porque non fixo ben o seu traballo pero o cambio de Técnico, para facelo ben, leva o seu tempo. As obras están feitas e realizadas e o que non se pode e difamar e insinuar cousas que non son verdade porque ninguén se levou nada o seu peto.

O Concelleiro D. Benigno Galgo Castro, afirma que o que busca é un responsable político de todo isto e se pregunta onde van todos estes cartos, no encontro co Técnico, chamounos mentireiros e con isto trato de demostrar que non minto.

O Concelleiro D. Roberto O. López López entende que o informe do técnico que se presentou se fai sen ceñirse a realidade e soamente coa intención de xustificar as cantidades do proxecto. Isto non é unha cuestión de si alguén levou cartos sino que o Concello paga unha obras que non valen eses cartos, porque hai un Técnico que non fai ben o seu traballo de controlar as obras. O técnico, na reunión mantida, tivo unha aptitude de falta de respecto, pero non so á persoa sino ó cargo que representa, tamén a aptitude do director da empresa non foi correcta, entende que existe unha responsabilidade política que pode ser froito dunha inexperiencia pero a falta de control das obras xa se ven advertindo no pleno dende o ano 1999, entende que non se cumpriu coa función do goberno de comprobar a labor do técnico así na obra do colexio as tapas están mal postas o que conleva o maior deterioro da obra pero o xefe da empresa non lle da importancia, e entende que por parte da Deputación non debe haber problemas para mandar un técnico que supervise as obras e entende que a actuación do técnico e da empresa non é correcta, non fan ben os proxectos, nin dirixen ben as obras. Anuncia o seu voto a favor da proposta pero entende que contratar unha empresa de fora para controlar as obras pode ser moi caro.


O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que o culpable das obras é o técnico así como os representantes políticos que non asumen as súas responsabilidades, e engade que non vai en contra de ningunha empresa de construción, as empresan fan o que lle mandan, e solicita o apoio da moción as dúas persoas que xa non van estar no vindeiro mandato para aclarar o tema e anuncia que vai a seguir adiante co este tema.

A Alcaldesa afirma que non hai nada que esconder, a culpa a asumo eu persoalmente por exceso de confianza no Técnico, e erros os cometemos todos. O Técnico o fixo mal e non cumpriu coa súa función pero ninguén se levou cartos para o seu peto e xa se pediu a empresa que enviara a outro técnico e pensa que o goberno que veña tras as próximas eleccións terá liberdade para escoller o procedemento para elixir un novo técnico e anuncia que vai a votar en contra da moción e que a próxima corporación que se constitúa decidirá.

4.- DAR CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DO ANO 2010. A Secretaria deu lectura o Decreto da Alcaldía nº 40/2011 de nove de marzo que se transcribe a continuación:

Tramitado o expediente da liquidación do presuposto municipal de 2010, e tendo en conta o informe emitido pola secretaria-interventora e en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, esta Alcaldía **ACORDA: PRIMEIRO:** Aproba-la liquidación do exercicio económico de 2010, de acordo co seguinte detalle de resultados:

1.-Deudores pendentes de cobro a fin de exercicio:	
---	--



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

a.- Deudores pendente de cobro presuposto corrente	26.605,29 €
b.- Deudores pendentes de cobro presuposto pechado	2.614,78 €
c.- de operacións non presupostarias	1.399,04 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	5048,25 €
a.-De presuposto corrente	5.0817,09 €
b.- De presuposto pechado	8.847,08 €
c.-Outras operacións non presupostarias	21.378,53 €
D.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	72.963,74
4. Remanente de tesourería total (3+1- 2)	17.491,63 €
5.- Saldo de dubidoso cobro	578,76 €
6.- Exceso de financiamento afectada	7.935,28 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6)	8.977,59 €


1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1,274,935,98
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.305189,95
3. Resultado Presupostario (1 - 2)	-30,253,97
4. Desviacións positivas de financiamento	0,00
5. Desviacións negativas de financiamento	25.475,39 €
6. Gastos financiados con remanente líquido tesourería para gastos xerais	22.200,43
7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=	17.421,85

SEGUNDO: Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda. Dado en Cerdido, a nove de marzo de dous mil once: Do que eu como secretaria dou fe:

5.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA. A Secretaria deu lectura a relación de decretos seguinte:

Nº	Data	Descrición
Febreiro 2011		
33	23/02/2011	Convocatoria de Pleno Ordinario
34	24/02/2011	Autorización de uso da escola da Avispeira a Promacer
Marzo 2011		
35	01/03/2011	Aprobar o programa “Crecendo e formándose en igualdade VIII” e solicitude de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude
36	01/03/2011	Autorización de uso do Castro a Ana Belén Graña Aneiros
37	02/03/2011	Autorización de uso da escola da Avispeira a ADSG-Ortegal
38	04/03/2011	Altas no padrón de habitantes en Casavella, 15 – A Barqueira
39	04/03/2011	Aprobación subvencións nominativas 2011

40	09/03/2011	Aprobación liquidación do exercicio económico de 2010
41	09/03/2011	Convocatoria o XI premio: Contos de Cerdido
42	10/03/2011	Adhesión proxecto REDE XIANA 2
43	14/03/2011	Licenza de obras 5/08 a Alberto Gundín Rey para recheo dunha finca en Pazos - Cerdido
44	14/03/2011	Solicitud de subvención para a adquisición de equipamento para prevención de incendios forestais o abeiro do Fondo de Compensación Ambiental
45	16/03/2011	Licenza de obras 2010/6/32 a María Isabel Rey Villadóniga para pavimentación de currais en Vila da Igrexa, 12 - Cerdido
46	16/03/2011	Solicitud de adhesión ao Convenio de Colaboración para o desenvolvemento da Administración Electrónica
47	16/03/2011	Aprobación de pagos
48	16/03/2011	Aprobación de pagos
49	16/03/2011	Solicitud de subvención para socorrismo, anualidade 2011
50	16/03/2011	Altas no padrón de habitantes en Chao, 2 – Cerdido
51	17/03/2011	Inicio do procedemento de selección de xuíz de paz
52	23/03/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura ó PSdeG-PSOE
53	23/03/2011	Licenza de obras 2011/6/2 a M ^a . Luisa Rolle Fernández para cuberta de vivenda unifamiliar en O Espiño - A Barqueira
54	24/03/2011	Aprobación das bases para a contratación anticipada dun traballador dentro do programa de:Mantemento das areas naturais
55	24/03/2011	Arquivo de licenza de obras 2010/6/24 por desestimento
56	24/03/2011	Expediente de modificación de créditos.Incorporación de remanentes de crédito
57	25/03/2011	Licenza de obras 2011/6/3 a Juan J. Gato Graña para construción dun garaxe en Domende, 4 - Cerdido
58	28/03/2011	Licenza de obras 2010/6/26 a Carmen Casal Núñez para renovación de tellado en Felgosas, 69 - A Barqueira
59	28/03/2011	Licenza de obras 2010/8/9 a Carmen Casal Núñez para ampliación de vivenda en Felgosas, 69 - A Barqueira
60	28/03/2011	Autorización de uso da escola da Avispeira a Cooperativa A Barqueira
61	30/03/2011	Devolución da garantía expediente 6/2009 POS 2009
Abril 2011		
62	01/04/2011	Recurso de reposición contra a Resolución de reintegro 2009/11
63	07/04/2011	Convenio con Cedeira, Ortigueira, Mañón e Cariño para axudas do programa Agader
64	08/04/2011	Autorización de uso do pavillón a Cebarca
65	11/04/2011	Arquivo de licenza 2010/8/5 por desestimento
66	12/04/2011	Autorización de uso do Castro a Airiños dos Carrís
67	13/04/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura ó PSdeG-PSOE
68	13/04/2011	Autorización de uso do Castro a Arumes do Castro
69	14/04/2011	Inicio do expediente de contratación do servizo de limpeza de edificios
70	14/04/2011	Autorización de permisos por asuntos persoais



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

71	15/04/2011	Convocatoria de Pleno Extraordinario
72	18/04/2011	Alta no padrón no lugar de Rioforcado
73	19/04/2011	Contratación dun peón dentro do programa de cooperación da Consellería de Traballo
74	19/04/2011	Recoñecemento dun trienio ao auxiliar administrativo
75	19/04/2011	Autorización de uso da casa da cultura ó PsdeG- PSOE
76	25/04/2011	Aceptar a renuncia presentada de reserva de posto de traballo a D ^a Sonia Lorenzo unha vez rematado o período de tres anos de coidado de fillo
77	25/04/2011	Apertura do expediente de adjudicación do POS Adicional 2010
78	25/04/2011	Solicitude de subvención a Consellería de Traballo e Benestar destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais segundo a Orde de 3 de marzo do 2011
79	26/04/11	Convocatoria comisión especial de contas
80	26/04/11	Convocatoria Pleno Ordinario

O Concelleiro D. Roberto O. López López solicita aclaración sobre o contido dos seguintes decretos:

1.- Nº 73/2011 sobre contratación de persoal. A Alcaldesa afirma que é a contratación dun peón, dentro do programa de fomento de emprego da Consellería de Traballo e Benestar que nos autoriza a contratación anticipadamente e realizará traballo de peón no castro, segar e axudar o resto de persoal.

2.- Nº 63/2011 sobre un convenio entre concellos. A Alcaldesa aclara que foi un convenio a instancia de Cariño e Cedeira para poder solicitar unha subvención a Agader para implantar un dispositivo GIS, sobre información turística a través de teléfonos móbiles.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre os seguintes decretos:

Nº 44/2011, sobre equipamento contra incendios. A Alcaldesa afirma que se solicitou unha subvención para a adquisición dun cabezal para a desbrozadora.

Nº 76/2011 sobre renuncia a reserva de posto. A Alcaldesa afirma que á persoa se lle rematou o período de tres anos para coidado de menor e non quere incorporarse polo que o seu posto segue ocupado pola que traballa xa no concello.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Alcaldesa aclara dúas preguntas que quedaron sen resposta no pleno anterior, en relación a solicitude de presuposto de marquesinas referíase a solicitude de presuposto para a venda das vellas marquesinas e o contido da subvención de hábitos é un programa dentro do programa de envellecemento activo con cursos de memoria etc

O Concelleiro D. Roberto O López López, pregunta a alcaldía sobre canto se lle paga á empresa que manda o técnico. A Alcaldesa afirma que como asesoramento urbanístico o redor de 1100 E / mes e como dirección de obra se lle paga por cada obra en función do valor do proxecto.

Así mesmo pregunta si se lle pregunta ós veciños se queren auga antes de realizar os proxectos e si todos os veciños do Carballeiro queren a auga, A Alcaldesa afirma que uns a queren e outros non, e que si se pregunta.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Que medidas se van a tomar pola pista que utilizan os camiões de Carballeiro para virar, rogando que se busquen solucións.

A Alcaldesa afirma que falou coa empresa e lle dixen que lle teñen prohibido virar os camiões na curva pero o seguen a facer e que a pista debe ser amañada polo Concello e cree que a Deputación xa lle avisou e lle puxo unha denuncia.

O Concelleiro D. Roberto O. López López suxire que se denuncie a tráfico e pensa que os fochancas están na estrada da Deputación e que debe ser esta quen o amañe e pon en coñecemento a falta de limpeza da zona e que se debe avisar a empresa para que non bote os restos de defecacións dos camioneiros pola zona

2.- Sobre a recollida de aceites domésticos. A Alcaldesa afirma que aínda non resolveron a subvención e non se sabe nada


3.- Como están os trámites para contratación das obras do almacén dos Casas. A Alcaldesa afirma que o expediente de contratación quedou deserto e que se esta a realizar un reformado do proxecto para suprimir algunhas partidas e incrementar outras, sendo unha empresa de Santiago a que fai o proxecto.

4.- Como van os trámites do Polígono Industrial e que pasó co acceso a nova autovía. A Alcaldesa afirma que o luns ten unha reunión cos promotores e entende que quedou solucionado o tema do acceso a nova autovía

5.- Como van os tramites co promotor da urbanización das Felgosas, a Alcaldesa afirma que os solares que están xunto á estrada xa os pode vender e que a solución radica en desvincular a depuradora do Polígono pero require dun modificación do Plan de Urbanismo que debe aprobar a Xunta.

6.- Que vai pasar coa caseta do colexio dado que é un perigo no seu estado actual polo que se debería valar. A Alcaldesa explica que a subvención solicitada para o seu amaño non foi concedida.

7.- Se vai a amañar a varanda do lugar do Río. A Alcaldesa afirma que o que se debe facer e modificar a ponte para ampliála pero é difícil, poñer outra varanda non ten sentido porque un camián a volvería a tirar.



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

8.- Se cumpren os prazos das obras municipais? A Alcaldesa afirma que as obras do POS e o PCC tardaron moito en empezar pero agora están traballando, e que se lle requiriu por telefono que empezaran canto antes, o prazo de inicio non se cumpriu.

9.- Na obra da auga o Carballeiro faltan metros de tubeira? A Alcaldesa afirma que nos planos ven pintado ata a ultima casa pero polo número de metros que pon no proxecto no alcanza.

10.- En relación á pista das mestas existen problemas cos veciños por botar terra e din que se lle deixou a Armando de encargado, é certo? A Alcaldesa afirma que Armando solicitou unhas melloras pero que se lle dixo que se realizaría conforme o proxecto e non é certo que sexa o encargado e existe un problema cun veciño que non deixa aplomar e soamente se lle quitaron uns cepos.

Así mesmo fai o seguintes rogos:

1.- Que se proceda a amañar o castro que esta nunha situación deplorable, cunha canasta tirada, as escaleiras rotas etc

2.- En relación os parques infantís se solicitaba unha revisión por unha empresa certificada, non é valida a revisión solicitada á Deputación e entende que o parque infantil do castro está en malas condicións, con elementos oxidados. A Alcaldesa afirma que non sabía que tiñan que ser inspeccionados anualmente.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as catorce horas e dez minutos do dia vinte e nove de abril de dous mil once. Do que eu como Secretaria dou fe:

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Díaz Tie

Asdo. Ana Rodriguez Montero